



CONCELLO DE ORDES

(A CORUÑA)

PREGO DE CLÁUSULAS ADMINISTRATIVAS QUE REXERÁN A CONTRATACIÓN DO SERVIZO DENOMINADO EXPLOTACIÓN DO PUNTO LIMPO DE ORDES

1. Obxecto do contrato.

É obxecto do contrato o servizo de explotación do punto limpo do Concello de Ordes, sito no lugar de "O Balado", de conformidade co previsto nos presentes pregos, no Regulamento do servizo e no prego de prescricións técnicas que rexen a presente licitación.

2. Cualificación do contrato.

Este contrato cualifícase como de servizos dos definidos nos artigos 10 e 19 do Real decreto legislativo 3/2011, do 14 de novembro, polo que se aproba o texto refundido da Lei de contratos do Sector Público (en adiante TRLCSP).

A dita cualificación como contrato de servizos baséase na doutrina unánime das diferentes Xuntas Consultivas de Contratación Administrativa, xa que o contratista non asume o risco de explotación do servizo, xa que logo a retribución do mesmo fíxase no contrato, independentemente do maior ou menor uso que do servizo fagan os destinatarios.

Ao tratárense dun contrato de servizos seralle de aplicación o disposto nos artigos 301 e seguintes do TRLCSP e artigos 195 e seguintes do regulamento xeral da Lei de contratos das Administracións Públicas, aprobado mediante Real decreto 1098/2001, do 12 de outubro (en adiante RXLC).

3. Réxime xurídico do contrato.

O contrato ao cal refírese o presente prego é de natureza administrativa e rexeráse polo texto refundido da Lei de Contratos do Sector Público aprobado polo Real Decreto Legislativo 3/2011, do 14 de novembro, (en adiante TRLCSP), o Real Decreto 817/2009, do 8 de maio, polo que se desenvolve parcialmente a Lei 30/2007, de Contratos do Sector Público, o Regulamento xeral da Lei de Contratos das Administracións Públicas, aprobado polo Real decreto 1098/2001, do 12 de outubro (en adiante RXLCAP), a Lei 7/1985, do 2 de abril, reguladora das Bases do Réxime Local (en adiante LBRL), o Real decreto legislativo 781/1986, do 18 de abril, polo que se aproba o texto refundido das disposicións legais vixentes en materia de Réxime Local (en adiante TRRL), a Lei 5/1997, do 22 de xullo, reguladora da Administración Local de Galicia, o Real decreto legislativo 2/2004, do 5 de marzo, polo que se aproba o texto refundido da Lei reguladora das Facendas Locais (en adiante TRFL), as súas normativas de desenvolvemento e demais preceptos aplicables á contratación por parte das entidades locais; con carácter supletorio aplicaranse as restantes normas de dereito administrativo e, na súa falta, as normas de dereito privado.

En canto á prestación material dos traballos deberá respectar integramente a totalidade da normativa sectorial e técnica de aplicación segundo a natureza das prestacións establecidas no



CONCELLO DE ORDES

(A CORUÑA)

prego, en especial a normativa de residuos, medioambiental e a correspondente a seguridade e saúde no traballo.

Así mesmo, deberá respectar na súa integridade o Regulamento regulador do servizo.

O Prego de Cláusulas Administrativas Particulares, o Prego de Prescricións Técnicas Particulares e demais documentos anexos, revestirán carácter contractual. Revestirán, así mesmo, carácter contractual o Regulamento regulador do servizo e a oferta do adxudicatario.

Os contratos axustaranse ao contido do presente prego, cuxas cláusulas se considerarán parte integrante dos respectivos contratos.

Queda prohibida toda negociación dos termos do contrato coas licitadoras.

En caso de discordancia entre o presente prego e calquera do resto dos documentos contractuais, prevalecerá o Prego de Cláusulas Administrativas Particulares, no que se conteñen os dereitos e obrigas que asumirán as partes do contrato.

Os licitadores e o contratista aceptan de forma expresa a súa submisión á normativa anteriormente citada, ao prego de prescricións técnicas e ao presente de cláusulas administrativas particulares.

O descoñecemento do presente prego, do contrato, dos seus documentos anexos ou das instrucións ou normas de toda índole aprobadas pola Administración que poidan ser de aplicación na execución do pactado, non eximirá á persoa contratista da obriga do seu cumprimento.

4. Codificación do obxecto do contrato.

De conformidade co Anexo II do TRLCSP e Regulamento (CE) número 2195/2002, do Parlamento Europeo e do Consello, do 5 de novembro de 2002, modificado polo Regulamento (CE) 213/2008, da Comisión, do 28 de novembro de 2007, polo que se aproba o Vocabulario Común de Contratos Públicos (CPV), o servizo obxecto do contrato está clasificado como:

Categoría	Designación do Servizo/ Número de referencia CPC	Código o CPC	Código CPV	Descrición
16	Servizos de rede de sumidoiros e eliminación de desperdicios: servizos de saneamento e servizos similares.	94020	90500000-2	Servizos relacionados con desperdicios e residuos.



CONCELLO DE ORDES

(A CORUÑA)

5. Necesidades administrativas a satisfacer mediante o contrato.

A contratación de que se trata responde a satisfacer as seguintes necesidades:

- a) Evitar o vertido incontrolado de residuos voluminosos que no poidan ser eliminados a través dos servizos convencionais de recollida de lixo.
- b) Evitar o vertido de escombros e outros no medio natural e urbano.
- c) Separar os residuos xerados nos fogares, especialmente perigosos, cuxa eliminación conxunta co resto dos residuos urbanos representa un risco e contribúe á contaminación do medio natural.
- d) Aproveitar os materiais contidos nos residuos que son susceptibles dunha reciclaxe directa, conseguindo con elo, un aforro enerxético e de materias primas, e reducindo o volume de residuos a eliminar.
- e) Buscar a mellor solución para cada tipo de residuo co fin de conseguir a máxima valoración dos materiais e o mínimo custe na xestión global.

Trátase de un servizo de competencia local e de prestación obrigatoria, non dispoñendo o Concello de Ordes de suficientes e axeitados medios persoais e materiais para poder prestalo con medios propios. Dadas as limitacións impostas polas sucesivas leis de Orzamentos do Estado á contratación de persoal por parte das Administracións locais non se pode contratar persoal propio para levar a cabo o obxecto do contrato.

6. Forma e procedemento de contratación.

O expediente de contratación obxecto deste prego tramitarase de forma ordinaria, conforme ao establecido nos artigos 109 e 110 do TRLCSP, ao non concorrer ningunha das circunstancias reflectidas nos artigos 112 e 113 do TRLCSP para a súa tramitación urxente ou de emerxencia, respectivamente.

A adxudicación do contrato realizarase por procedemento aberto, consonte co establecido no artigo 138, apartado 2, do TRLCSP, por seren o procedemento ordinario de adxudicación que garante a maior concorrència e o máis respectuoso co resto dos principios da contratación pública, sendo de aplicación o disposto nos artigos 141 e seguintes do citado corpo legal.

Todo empresario interesado poderá presentar unha proposición, quedando excluída toda negociación dos termos do contrato cos licitadores, de acordo co disposto no artigo 157 do TRLCSP.

Este contrato non está suxeito a regulación harmonizada toda vez que a súa contía non se atopa no suposto do artigo 16.1.b) do TRLCSP.

7. Órgano de contratación.



CONCELLO DE ORDES

(A CORUÑA)

O órgano de contratación competente é a Alcaldía-presidencia da Corporación, conforme establece a Disposición adicional Segunda do TRLCSP.

Non obstante, a dita atribución está delegada na Xunta de Goberno Local, ao abeiro do disposto nos artigos 21.3 e 23.2.b) da Lei 7/1985, do 2 de abril, mediante Resolución de Alcaldía, de data 07/07/2015, publicada no BOP nº 152, do 12 de agosto de 2015.

O órgano de contratación non poderá declarar deserta a licitación cando exista algunha oferta ou proposición que sexa admisible de acordo cos criterios que figuran no presente prego.

Os órganos administrativos que interveñen na presente contratación son:

ÓRGANO XESTOR: ÓRGANO DE CONTRATACIÓN	
DENOMINACIÓN	Xunta de Goberno Local
CÓDIGO DIR3	L01150597
DIRECCIÓN POSTAL	Alfonso Senra, 108. C.P. 15680 Ordes (A Coruña)
UNIDADE TRAMITADORA: CENTRO DIRECTIVO PROMOTOR DEL CONTRATO	
DENOMINACIÓN	Concellería delegada de Medio Rural e Medio Ambiente.
CÓDIGO DIR3	L01150597
DIRECCIÓN POSTAL	Alfonso Senra, 108. C.P. 15680 Ordes (A Coruña)
OFICINA CONTABLE: ÓRGANO QUE TEN ATRIBUÍDA A FUNCIÓN DE CONTABILIDADE	
DENOMINACIÓN	Intervención
CÓDIGO DIR3	L01150597
DIRECCIÓN POSTAL	Alfonso Senra, 108. C.P. 15680 Ordes (A Coruña)
ÓRGANO DESTINATARIO DO OBJETO DO CONTRATO	
DENOMINACIÓN	Concellería delegada de Medio Rural e Medio Ambiente.
DIRECCIÓN POSTAL	Alfonso Senra, 108. C.P. 15680 Ordes (A Coruña)

8. Responsable do contrato.

A persoa responsable do contrato será a que ostente a Concellería encargada do Medio Ambiente, a quen lle corresponderá supervisar a súa execución, adoptar as decisións e ditar as instrucións necesarias co fin de asegurar a correcta realización das prestacións pactadas, non asumindo, en caso ningún, directivas sobre o persoal da empresa contratada e evitando dar ordes directas e instrucións ao dito persoal.



CONCELLO DE ORDES

(A CORUÑA)

A persoa responsable e o seu persoal colaborador, acompañados pola/o delegada/ou da persoa contratista, terán libre acceso aos lugares onde se realice o servizo.

A persoa contratista, sen custo adicional algún, facilitará á Administración asistencia profesional nas reunións explicativas ou de información, que esta estime necesarias para o aproveitamento da prestación contratada.

9. Perfil do contratante.

De conformidade co artigo 53 do TRLCSP, e co fin de asegurar a transparencia e o acceso público á información relativa á actividade contractual, e sen prexuízo da utilización doutros medios de publicidade, este Concello conta co perfil do contratante ao que terase acceso a través da súa sede electrónica <https://sede.concellodeordes.com/gl/>, así como na páxina web do Concello <http://www.ordes.gal>.

No dito perfil ofrecerase información relativa á convocatoria da licitación do contrato, incluíndo os pregos de cláusulas administrativas particulares, de prescricións técnicas e documentación complementaria, de ser o caso.

10. Duración do contrato.

A duración do contrato abarcará desde o 23 de marzo de 2016 até o 23 de marzo de 2019, non podéndose iniciar a execución do mesmo sen a previa formalización do contrato en documento administrativo, segundo o disposto no artigo 156.5 do TRLCSP.

O contrato poderá ser prorrogado por un ano máis por mutuo acordo das partes antes do remate deste, sen que a duración total deste, incluída a prórroga, poida exceder de catro anos.

Non obstante o dito, unha vez rematado o prazo contractual o contratista deberá continuar coa prestación do servizo, en idénticas condicións e por un prazo máximo de seis meses, até que un novo adxudicatario se faga cargo da súa prestación.

11. Valor estimado e orzamento do contrato.

O orzamento do contrato que serve de base de licitación ascende á contía de trinta e oito mil euros anuais (38.000,00 €/ano), I.V.E. excluído.

O I.V.E. que deberá soportar o Concello de Ordes é do 10 por cento.

Entenderase que o importe da oferta é o da suma do prezo ofertado mailo I.V.E., debendo ademais figurar desagregados ámbolos dous conceptos, de ser o caso.

No orzamento do contrato que serve da base á licitación están incluídos, a maiores dos custes que se deriven directamente da execución do contrato, cantos gastos, así como toda clase de



CONCELLO DE ORDES

(A CORUÑA)

impostos e outros tributos, que sexan de aplicación e que o contratista debe soportar para a correcta execución do contrato e o cumprimento íntegro de todas as obrigas derivadas directa e indirectamente da dita execución conforme ao presente prego e os restantes documentos contractuais, así como na normativa de calquera tipo aplicable a este contrato, especialmente a de orde social e medioambiental.

Os licitadores poderán cubrir o tipo de licitación ou ben melloralo á baixa, consignando en letra e número o importe a percibiren pola adxudicación. De conformidade co indicado no informe 45/06, do 30 de outubro de 2006, da "Junta Consultiva de Contratación Administrativa" sobre «Determinación da prevalencia de importes expresados en letras e en números, cando existe contradición ou diferenza entre ambos», será rexeitada pola Mesa en resolución motivada, sendo a motivación o sinalado no dito informe.

As proposicións que se presenten superando o orzamento base de licitación serán automaticamente rexeitadas.

O sistema de determinación do prezo é a tanto alzado, conforme ao previsto polos artigos 87.2 e 302 do TRLCSP e artigo 197 do Regulamento Xeral da Lei de Contratos das Administracións Públicas, referindo o prezo á totalidade das prestacións obxecto do contrato.

O valor estimado do contrato, prórrogas incluídas, ascende a 171.000,00 €.

12. Carácter desproporcionado ou anormal das ofertas.

Consideraranse, en principio, desproporcionadas ou temerarias as ofertas que se atopen nos seguintes supostos:

1. Cando, concorrendo un só licitador, sexa inferior ao orzamento base de licitación en máis de 25 unidades porcentuais.
2. Cando concorran dous licitadores, a que sexa inferior en máis de 20 unidades porcentuais á outra oferta.
3. Cando concorran tres licitadores, as que sexan inferiores en máis de 10 unidades porcentuais á media aritmética das ofertas presentadas. Con todo, excluírase para o cómputo de dicha media a oferta de contía máis elevada cando sexa superior en máis de 10 unidades porcentuais a dicha media. En calquera caso, considerárase desproporcionada a baixa superior a 25 unidades porcentuais.
4. Cando concorran catro ou máis licitadores, as que sexan inferiores en máis de 10 unidades porcentuais á media aritmética das ofertas presentadas. Con todo, se entre elas existen ofertas que sexan superiores a dicha media en máis de 10 unidades porcentuais,



CONCELLO DE ORDES

(A CORUÑA)

procederáase ao cálculo dunha nova media só coas ofertas que non se atopen no suposto indicado. En todo caso, se o número das restantes ofertas é inferior a tres, a nova media calcularáase sobre as tres ofertas de menor contía.

No caso de apreciación de posibles ofertas desproporcionadas ou anormais estarase ao disposto no artigo 152 do TRLCSP.

13. Revisión de prezos.

Tendo en conta o disposto na Lei 2/2015, do 30 de marzo, de desindexación da economía española e de conformidade co establecido no artigo 89.1 e 2 do TRLCSP non procede a revisión de prezos.

Por conseguinte, o contratista deberá manter os prezos ofertados durante toda a vixencia do contrato.

14. Financiamento do contrato e existencia de crédito.

O servizo obxecto do contrato financiaráase polo Concello de Ordes, imputándose á aplicación orzamentaria 1623.22706 do estado de gastos dos orzamentos municipais, na que existe crédito orzamentario axeitado e suficiente.

Se ben a tramitación do procedemento de adxudicación, así como a adxudicación do contrato e a súa formalización, é conforme ao establecido no artigo 110.2 do TRLCSP, consonte ao artigo 174.1 do Real decreto legislativo 2/2004, do 5 de marzo, polo que se aproba o texto refundido da Lei reguladora das facendas locais, a efectividade da dita adxudicación está sometida á condición suspensiva da existencia de crédito axeitado, suficiente e dispoñible para financiar as obrigas derivadas do contrato nos exercicios correspondentes.

O Concello de Ordes obrígase a consignar e reservar os créditos oportunos nos orzamentos dos exercicios futuros que resulten afectados.

15. Capacidade para contratar.

Están facultadas para contratar as persoas naturais ou xurídicas, españolas ou estranxeiras, que teñan plena capacidade de obrar, non estean incursas nalgunha das prohibicións de contratar que sinala o artigo 60 do TRLCSP e acrediten a súa solvencia económica e financeira e técnica ou profesional, conforme ao establecido nos artigos 74, 75 e 78 do TRLCSP, mediante a documentación a cal refírese a cláusula 18ª deste prego ou, nos casos en que así o esixa a Lei, atópanse debidamente clasificadas.

Así mesmo, deberán contar coa habilitación empresarial ou profesional que, no seu caso, sexa esixible para a realización da actividade ou prestación que constitúa o obxecto do contrato, de



CONCELLO DE ORDES

(A CORUÑA)

conformidade co disposto no artigo 54.2 do TRLCSP. En particular, os licitadores deberán acreditar o cumprimento das condicións esixidas pola lexislación sectorial aplicable, especialmente deberán contar coa correspondente autorización de xestor de residuos para as actividades de recollida, almacenamento e transporte.

As persoas xurídicas só poderán ser adxudicatarias de contratos cuxas prestacións estean comprendidas dentro dos fins, obxecto ou ámbito de actividade que, a tenor dos seus propios estatutos ou regras fundacionais, lles sexan propios.

Para as empresas non comunitarias, comunitarias e unións temporais, estarase ao disposto nos artigos 55, 58 E 59 do TRLCSP, respectivamente.

As persoas empresarias que concorran agrupadas en unións temporais quedarán obrigadas solidariamente e deberán nomear unha persoa representante ou apoderada única da unión con poderes bastantes para exercer os dereitos e cumprir as obrigacións que do contrato derívense ata a extinción do mesmo, sen prexuízo da existencia de poderes mancomunados que poidan outorgar para cobros e pagos de contía significativa. Para os efectos da licitación, deberán indicar os nomes e circunstancias das que a constitúan e a participación de cada unha, así como que asumen o compromiso de constituírse formalmente en unión temporal en caso de resultar adxudicatarias do contrato.

Non poderán concorrer ás licitacións empresas que participasen na elaboración das especificacións técnicas ou dos documentos preparatorios do contrato, por si ou mediante unión temporal, sempre que a dita participación poida provocar restricións á libre concorrència ou supoñer un trato privilexiado con respecto ao resto das empresas licitadoras.

Os que acudan á licitación poderán facelo por si mesmos ou mediante a representación por persoa debidamente autorizada para os efectos mediante poder bastante, sempre que non estea incurso en ningunha das causas que se enumeran no artigo 60 do TRLCSP. Cando en representación dalgunha sociedade concorra algún membro da mesma deberá xustificar documentalmente que está facultado para elo.

16. Garantías.

De conformidade co disposto no artigo 103.1 do TRLCSP, e toda vez que non se aprecian razóns especiais para a súa esixencia, non se require garantía provisoria para concorrer á presente licitación.

En cumprimento do sinalado no artigo 95.1 do TRLCSP, o licitador que presente a oferta economicamente máis vantaxosas na licitación deberá constituír a disposición do órgano de contratación unha garantía dun 5 por 100 do importe de adxudicación, excluído o Imposto sobre o Valor Engadido.



CONCELLO DE ORDES

(A CORUÑA)

A garantía poderá constituírse en metálico, mediante aval, en valores públicos ou por contrato de seguro e caución, na forma e condicións establecidas nos artigos 96 do TRLCSP e 55 e seguintes do RXLC, debendo depositarse o seu importe, ou a documentación acreditativa correspondente, na Tesourería municipal do Concello de Ordes.

17. Clasificación do contratista.

De conformidade co disposto no artigo 65 do TRLCSP non se esixe clasificación do contratista, ao tratárense dun contrato de servizos.

18. Solvencia.

Para concorrer á licitación, as persoas empresarias deberán acreditar estar en posesión das condicións mínimas de solvencia económica e financeira e técnica ou profesional que se especifican na presente cláusula na que, así mesmo, se indica a documentación requirida para acreditar as mesmas.

Para acreditar a solvencia necesaria a persoa empresaria poderá basearse na solvencia e medios doutras entidades, independentemente da natureza xurídica dos vínculos que teña con elas, sempre que demostre que, para a execución do contrato, dispón efectivamente deses medios, debendo a tal fin achegar certificado emitido polo órgano de dirección da empresa que preste a citada solvencia, acreditativo de tal circunstancia, no que se conteña ademais a aceptación expresa dos efectos sinalados no artigo 1257 do Código Civil pola empresa que preste a súa solvencia.

No caso de que o referido certificado sexa aceptado polo órgano de contratación, a Administración poderá esixir en vía administrativa o cumprimento pola empresa prestataria da solvencia daquilo ao que se comprometeu coa empresa contratista.

A Mesa ou o órgano de contratación poderá solicitar da persoa empresaria aclaracións sobre os certificados e documentos presentados, ou requirirille para a presentación doutros complementarios.

A solvencia económica e financeira esixible será o volume de negocios do licitador ou candidato, no ámbito das actividades correspondentes ao obxecto do contrato, que referido ao maior volume de negocios dos tres últimos concluídos deberá ser, cando menos, unha vez e media o valor anual medio do presente contrato.

A xustificación do dito volume de negocios realizarase por medio das súas contas anuais aprobadas e depositadas no Rexistro Mercantil, no caso de que a persoa empresaria estivese inscrita no dito rexistro, e no caso contrario polas depositadas no rexistro oficial no que debese estar inscrita. Os/as empresarios/as individuais non inscritos/as no Rexistro Mercantil



CONCELLO DE ORDES

(A CORUÑA)

acreditarán o seu volume anual de negocios mediante os seus libros de inventarios e contas anuais legalizados polo Rexistro Mercantil.

En todo caso a inscrición no Rexistro Oficial de Licitadores e Empresas Clasificadas acreditará as condicións de solvencia económica e financeira do licitador, para o cal deberá achegar a correspondente certificación donde se recollan os puntos aos cales refírese o artigo 328 do TRLCSP; neste caso estarán dispesados de presentar os datos que figuren inscritos, sempre e cando estean vixentes, sen prexuízo de que o Concello poida solicitar aqueles datos ou documentos que estime necesarios co fin de verificar ou comprobar a súa exactitude ou vixencia.

A solvencia técnica ou profesional acreditarase tendo en conta os seus coñecementos técnicos, experiencia e fiabilidade, o que deberá acreditarse polo medio seguinte:

- a) Unha relación dos principais servizos ou traballos do mesmo tipo ou natureza realizados nos últimos cinco anos que inclúa importes, datas e o destinatario, público ou privado dos mesmos. Os servizos ou traballos efectuados acreditaranse mediante certificados expedidos ou visados polo órgano competente, cando o destinatario sexa unha entidade do sector público; cando o destinatario sexa un suxeito privado, mediante un certificado expedido por este ou, a falta deste certificado, mediante unha declaración do empresario. Os servizos ou traballos deben estar avalados por certificados de boa execución, e o requisito mínimo será que o importe anual acumulado no ano de maior execución sexa igual ou superior ao 70% do valor estimado do contrato, ou da súa anualidade media se esta é inferior ao valor estimado do contrato. A efectos de determinar a correspondencia entre os traballos ou subministracións acreditados e os que constitúen o obxecto do contrato, cando exista clasificación aplicable a este último atenderase ao grupo e subgrupo de clasificación ao que pertencen uns e outros, e nos demais casos á coincidencia entre os dous primeiros díxitos dos seus respectivos códigos CPV.

De conformidade co disposto no artigo 65, apartado "b", do TRLCSP, os licitadores poderán acreditar a súa solvencia indistintamente mediante a súa clasificación no Grupo R, subgrupo 5, categoría 1, ou ben acreditando o cumprimento dos requisitos específicos detallados anteriormente.

19. Presentacións de proposicións.

O órgano de contratación anunciará a licitación do contrato nos correspondentes boletíns oficiais de acordo co disposto no TRLCSP, así como no seu perfil de contratante.

Cada persoa licitadora non poderá presentar máis dunha proposición, nin subscribir ningunha proposta en unión temporal con outras se o fixo individualmente ou figurar en máis dunha unión temporal. A infracción destas normas dará lugar á non admisión de todas as propostas por ela subscritas.



CONCELLO DE ORDES

(A CORUÑA)

A presentación da proposición supón a aceptación non condicionada pola persoa empresaria do contido da totalidade das cláusulas ou condicións deste prego, sen excepción ou reserva algunha.

As persoas licitadoras, presentarán, no seu caso, unha declaración para incluír en cada sobre, designando que documentos administrativos e técnicos e datos presentados son, ao seu parecer, constitutivos de seren considerados confidenciais, tal como se indica no artigo 140 do TRLCSP. Os documentos e datos presentados poden ser considerados de carácter confidencial cando a súa difusión a terceiras persoas poida ser contraria aos seus intereses comerciais lexítimos, prexudicar a leal competencia entre as empresas do sector ou ben estean comprendidas nas prohibicións establecidas na Lei de Protección de datos de Carácter Persoal. De non achegarse esta declaración considerarase que ningún documento ou dato posúe devandito carácter.

O modelo de declaración inclúese no anexo II.

O expediente contractual que regula a presente contratación poderá ser examinado na Secretaría Xeral do Concello de Ordes, no terceiro andar da Casa Consistorial sita na rúa Alfonso Senra, número 108, de 9:00 a 14:00 horas, a partires do día seguinte hábil a aquel no que apareza o anuncio correspondente até o momento no que remate o prazo de presentación de proposicións.

19.1. Lugar e prazo de presentación.

As proposicións, xunto coa documentación preceptiva, presentaranse, dentro do prazo sinalado no anuncio, no Rexistro Xeral do Concello de Ordes, situado na rúa Alfonso Senra número 108, de luns a venres laborais, en horario de 9:00 a 14:00 horas. No caso de que o último día de presentación fose sábado, domingo ou non hábil para os efectos administrativos, trasladarase ao inmediatamente seguinte día hábil que non sexa sábado.

Ofrécese o acceso por medios electrónicos aos pregos e á documentación complementaria, non admitíndose a utilización de medios e soportes electrónicos, informáticos e telemáticos na presentación das proposicións e documentos, polos que estes deberán presentarse en soporte papel.

Cando as proposicións se envíen por correo ou se presenten en calquera dos organismos establecidos no artigo 38.4 da Lei 30/1992, do 26 de novembro, de Réxime Xurídico das Administracións Públicas e Procedemento administrativo Común, a persoa empresaria deberá xustificar a data de imposición do envío nas Oficinas de Correos ou da súa presentación no organismo correspondente e anunciará a remisión da súa oferta ao órgano de contratación, no mesmo día, mediante fax (número 981682221) ou telegrama. No caso de que así se indique no anuncio de licitación, poderá enviarse por correo electrónico á dirección sinalada.



CONCELLO DE ORDES

(A CORUÑA)

Sen a concorrencia de ámbolos dous requisitos non será admitida a proposición se é recibida polo órgano de contratación con posterioridade á data e hora da terminación do prazo sinalado no anuncio.

Transcorridos, con todo, dez días naturais seguintes á indicada data sen recibirse a proposición, esta non será admitida en ningún caso.

O Rexistro Xeral acreditará a recepción do referido fax ou telegrama, con indicación do día da súa expedición e recepción, no libro Rexistro correspondente.

19.2. Formalidades e documentación.

As persoas licitadoras deberán presentar tres sobres, asinados e pechados, de forma que se garanta o segredo do seu contido, sinalados coas letras "A", "B" e "C".

En cada un dos sobres figurará externamente o nome e apelidos ou razón social da persoa licitadora e, no seu caso, da persoa representante, C.I.F. ou N.I.F., domicilio social, teléfono, correo electrónico e fax para os efectos de comunicacións, así como o número do expediente e a denominación do contrato ao que licitan.

Toda a documentación das proposicións presentadas deberá vir en galego ou castelán. A documentación redactada noutra lingua deberá acompañarse da correspondente tradución oficial a un destes idiomas.

No interior de cada sobre farase constar en folla independente o seu contido seguindo a numeración que se especifica nas cláusulas 19.2.1, 19.2.2. e 19.2.3.

Polo que se refire ao seu contido, este deberá comprender:

19.2.1. Sobre "A", denominado Documentación Administrativa, expresará a seguinte inscrición: "DOCUMENTACIÓN ADMINISTRATIVA PARA OPTAR AO PROCEDIMENTO TRAMITADO PARA ADXUDICAR A PRESTACIÓN DO SERVIZO DENOMINADO EXPLOTACIÓN DO PUNTO LIMPO DE ORDES".

Os documentos incluídos neste sobre poderán achegarse en orixinal ou mediante copias que teñan carácter de auténticas ou autenticadas conforme á lexislación vixente.

Nas unións temporais, tanto de persoas físicas como xurídicas, cada unha dos seus compoñentes presentará a documentación esixida nesta cláusula, acreditando a súa capacidade, personalidade, representación e solvencia nos termos previstos no artigo 59 do TRLCSP.



CONCELLO DE ORDES

(A CORUÑA)

De conformidade co establecido no artigo 146.4 do TRLCSP, na súa redacción dada por Lei 14/2013, do 27 de setembro, de apoio aos emprendedores e a súa internacionalización, no dito sobre incluírase unha declaración responsable do licitador segundo o modelo seguinte:

D./D^a _____ con residencia _____
provincia de _____ rúa _____ n^o _____
_____, con NIF/Pasaporte/Documento que o substitúa n^o _____, en
nome propio/en representación de _____, con CIF
_____ e domicilio en _____ provincia de
_____ rúa _____ n^o _____ teléfono
_____ á que represento no procedemento de adxudicación do contrato de
PRESTACIÓN DO SERVIZO DENOMINADO EXPLOTACIÓN DO PUNTO LIMPO DE
ORDES.

DECLARA RESPONSABLEMENTE:

1. Que cumpre coas condicións establecidas legalmente para contratar coa Administración.
2. Que conta coa habilitación empresarial esixible para a realización da actividade ou prestación que constitúe o obxecto do contrato.
3. Que reúne os requisitos de solvencia económica, financeira e técnica ou profesional prevista no prego de cláusulas administrativas para concorrer á licitación.
4. Que coñece os pregos de cláusulas administrativas e de prescricións técnicas que rexen a licitación, os cales acepta na súa integridade.
5. Non ser adxudicataria ou participar na elaboración das especificacións técnicas ou dos documentos preparatorios do contrato, por si ou mediante unión temporal de empresarias e/ou empresarios.
6. Que autorizo a que as comunicacións relacionadas co citado contrato se efectúen por unha calquera das formas seguintes:
Fax: _____
Enderezo electrónico: _____
7. **Que, para os efectos previstos na cláusula (criterios de desempate) certifico que:**
 - 7.1. **O número global de traballadores/as do cadro de persoal é de _____, sendo o número particular de traballadores/as con discapacidade no cadro de _____, o que representa un ___ % (superior ao 2%).**
 - 7.2. **Que a porcentaxe de traballadores/as fixos con discapacidade no cadro de persoal é do ___ %.**

En caso ningún presentaranse neste sobre documentos ou datos relativos aos criterios avaliábeis automaticamente. A súa inclusión dará lugar á exclusión da oferta.

A presentación de proposicións presume por parte da persoa licitadora a aceptación non condicionada das cláusulas deste prego e a declaración responsable de que reúne todas e cada unha das condicións esixidas para contratar co Concello de Ordes.



CONCELLO DE ORDES

(A CORUÑA)

A persoa en cuxo favor recaia proposta de adxudicación do contrato deberá achegar ao órgano de contratación, no prazo de dez (10) días hábiles desde que se lle requira, a documentación administrativa que se relaciona de seguido. A non presentación da documentación ou a insuficiencia da mesma determinará a exclusión á licitación e realización de proposta de adxudicación ao seguinte licitador que realice proposta economicamente máis vantaxosa para a Administración, sen prexuízo da esixencia das responsabilidades en que puidese incorrer o licitador.

Non obstante o anterior, o órgano de contratación, en orde a garantir o bo fin do procedemento, poderá esixir dos licitadores, en calquera momento anterior á adopción da proposta de adxudicación, que acheguen a documentación que se relaciona acreditativa do cumprimento das condicións establecidas para seren adxudicatario/a do contrato.

O licitador proposto como adxudicatario (exclusivamente), previo requirimento do órgano de contratación, deberá presentar a seguinte documentación:

a) Documentos acreditativos da personalidade e capacidade da persoa licitadora.

1. A capacidade de obrar das empresarias ou empresarios que foren persoas xurídicas acreditarase mediante a escritura ou documento de constitución, os estatutos ou o acto fundacional, nos que consten as normas polas que se regula a súa actividade, debidamente inscritos, no seu caso, no Rexistro Público que corresponda, segundo o tipo de persoa xurídica de que se trate.
2. As persoas licitadoras individuais presentarán copia compulsada, notarial ou administrativamente, do Documento Nacional de Identidade ou, no seu caso, o documento que faga as súas veces.
3. Acreditación da súa condición de xestor autorizado de residuos, mediante a achega da súa inscrición no Rexistro Xeral de Produtores e Xestores de Residuos de Galicia.
4. Empresas non españolas de estados membros da Unión Europea ou de Estados asinantes do Acordo sobre o Espazo Económico Europeo:
A capacidade das mesmas acreditarase pola súa inscrición no Rexistro procedente, de acordo coa lexislación do Estado onde están establecidas, ou mediante a presentación dunha declaración xurada ou un certificado, de acordo co establecido no anexo I do Regulamento xeral da Lei de Contratos das Administracións Públicas.
5. As demais empresas estranxeiras deberán xustificar mediante informe, na forma recollida no artigo 55 do TRLCSP, que o Estado de procedencia da empresa estranxeira admite á súa vez a participación de empresas españolas na contratación coa Administración e cos entes, organismos ou entidades do sector público asimilables aos enumerados no artigo 3 do TRLCSP, en forma substancialmente análoga.



CONCELLO DE ORDES

(A CORUÑA)

A acreditación da súa capacidade de obrar se instrumentará a través de informe da Misión Diplomática Permanente de España no Estado correspondente ou da Oficina Consular en cuxo ámbito territorial radique o domicilio da empresa.

6. Disposición común a empresas estranxeiras (comunitarias ou non): declaración de sometemento á xurisdición dos Tribunais e Xulgados españois de calquera orde, para todas as incidencias que de modo directo ou indirecto puidesen xurdir do contrato, con renuncia expresa, de ser o caso, ao foro xurisdiccional estranxeiro que puidese corresponder ao licitante (artigo 146.1 TRLCSP).

b) Documentos acreditativos da representación.

As persoas que comparezan ou asinen proposicións en nome doutra presentarán poder de representación, bastantado pola Secretaría do Concello de Ordes ou notarialmente.

Se a licitadora fose persoa xurídica, o poder xeral deberá figurar inscrito, no seu caso, no Rexistro Mercantil. De tratarse dun poder especial para un acto concreto non será necesario o requisito da súa previa inscrición no Rexistro Mercantil.

Igualmente, a persoa con poder bastante a efectos de representación deberá acompañar copia compulsada, notarial ou administrativamente, do seu Documento Nacional de Identidade ou, no seu caso, o documento que faga as súas veces.

c) Prohibicións de contratar ou incompatibilidades.

Declaración responsable de que a Empresa interesada non está incurso en ningunha das prohibicións para contratar ou incompatibilidades establecidas no artigo 146 e 60 do TRLCSP, axustado ao seguinte modelo:

D. _____ con DNI _____ e domicilio en _____ provincia de _____ rúa nº _____ en nome propio ou en representación da empresa _____ á que representa no procedemento de adxudicación do contrato de PRESTACIÓN DO SERVIZO DENOMINADO EXPLOTACIÓN DO PUNTO LIMPO DE ORDES, declara que nin a empresa nin os seus administradores ou órganos de dirección están incurso en prohibicións de contratar coa Administración establecidas no artigo 60 e 146.1.c) do TRLCSP.

Así mesmo declara que se acha ao corrente do cumprimento das obrigacións tributarias e coa Seguridade Social.

(Lugar, data e sinatura do proponente)



CONCELLO DE ORDES

(A CORUÑA)

- d) Documentos que acreditan a solvencia económica e financeira.

Segundo o sinalado na cláusula 18ª do presente prego de cláusulas administrativas.

A clasificación da persoa empresaria acreditará a súa solvencia para a celebración de contratos do mesmo tipo que aqueles para os que se obtivo e para cuxa celebración non se esixa estar en posesión da mesma.

- e) Documentos que acreditan a solvencia técnica ou profesional.

Segundo o sinalado na cláusula 18ª do presente prego de cláusulas administrativas.

A clasificación da persoa empresaria acreditará a súa solvencia para a celebración de contratos do mesmo tipo que aqueles para os que se obtivo e para cuxa celebración non se esixa estar en posesión da mesma.

- f) Unións temporais de empresas.

5. Executar as instrucións recibidas do responsable do contrato ou do órgano de contratación, nos termos establecidos nos pregos que regulan o procedemento (administrativos e técnicos).
6. Manter en perfecto estado de limpeza e conservación as instalacións e o material utilizados na prestación do servizo, sendo da súa conta os gastos de conservación das referidas instalacións, dos vehículos (de ser o caso) e materiais utilizados.
7. Observar, tanto a empresa como os seus traballadores, unha conduta de respecto aos usuarios do servizo.
8. Prestar o servizo ás persoas usuarias sen contraprestación por parte delas (gratuitamente).
9. Soportar todos os gastos derivados da execución do contrato, sendo a súa execución a risco e ventura do contratista.
10. Será responsable da calidade técnica dos traballos que desenvolva e das prestacións e servizos realizados, así como das consecuencias que se deduzan para a Administración ou para terceiros das omisións, erros, métodos non axeitados ou conclusións incorrectas na execución do contrato.
11. Deberá indemnizar todos os danos e prexuízos que se orixinen a terceiros, ao Concello de Ordes ou ao persoal dependente da mesma como consecuencia da execución do contrato. Para cubrir a dita responsabilidade o adxudicatario está obrigado a subscribir unha póliza de seguros que cubra a responsabilidade civil de todos os danos ou accidentes que poidan ocorrer, ocasionados polas instalacións ou traballos que se realicen como consecuencia da prestación do servizo, sen franquicia ou asumíndoa directamente o adxudicatario, cuxa vixencia acreditará mediante a presentación do recibo do pagamento antes da formalización do contrato e por un importe non inferior a 1.202.000,00 €, debendo presentar anualmente a xustificación de que o dito seguro de responsabilidade civil está en vigor.

En todo caso, o Concello de Ordes quedará exento de calquera responsabilidade por danos, calquera que sexa a causa que os orixine, que puideran producirse na execución do servizo, salvo que os mesmos sexan consecuencia directa dunha orde por escrito dada polo órgano de contratación.



CONCELLO DE ORDES

(A CORUÑA)

12. Obrígase a cumprir o prazo total de execución do contrato e dos prazos parciais fixados polo Concello, de ser o caso. Se chegado o termo de calquera dos prazos citados, o contratista incorrese en mora por causas imputables ao mesmo, o Concello poderá optar pola resolución do contrato ou pola imposición de penalidades económicas. Estas ascenderán ás establecidas no artigo 212 do TRLCSP. Igualmente poderán impoñerse penalidades económicas no caso de cumprimento defectuoso do servizo. Estas deberán ser proporcionais ao servizo defectuoso realizado e/ou aos danos ou prexuízos ocasionados como consecuencia da súa prestación e imputables ao contratista. O importe das penalidades, de conformidade co establecido no artigo 212.1, último inciso, do TRLCSP, no excederá o 10% do orzamento do contrato. A perda da garantía ou os importes das penalidades non exclúen a indemnización por danos e prexuízos a que puidese ter dereito o Concello, orixinados pola demora ou polo cumprimento defectuoso do contratista. Se o retraso fose producido por motivos non imputables ao contratista, estarase ao disposto no artigo 213.2 do citado texto legal. En todo caso, a constitución en mora do contratista non requirirá interpelación ou intimación previa por parte da Administración.
13. Está obrigada a dedicar ou adscribir á execución do contrato os medios persoais e materiais suficientes para atender as prestacións obxecto do contrato (artigo 64.2 do TRLCSP).
14. Obrígase a instalar da súa conta un teléfono para atender ás persoas usuarias.
15. A persoa adxudicataria estará obrigada ao cumprimento da normativa vixente en materia laboral, de Seguridade Social, de integración social de minusválidos e de prevención de riscos laborais, conforme ao disposto na Lei 31/1995, do 8 de novembro, sobre prevención de riscos laborais, Real decreto 171/2004, do 30 de xaneiro, polo que se desenvolve o artigo 24 da dita Lei en materia de coordinación de actividades empresariais, no Regulamento dos servizos de prevención, aprobado por Real decreto 39/1997, do 17 de xaneiro e calquera outra normativa específica do obxecto do contrato que lle sexa de aplicación, así como das que se promulguen durante a execución do contrato.

O persoal adscrito aos traballos dependerá exclusivamente da persoa contratista, a cal terá todos os dereitos e deberes inherentes á súa calidade de persoa empresaria respecto do mesmo.

En xeral, a persoa contratista responderá de cantas obrigas lle veñan impostas no seu carácter de empregadora, así como do cumprimento de cantas normas regulan e desenvolven a relación laboral ou doutro tipo, existente entre aquela ou os seus subcontratistas e as persoas traballadoras dunha e outra, sen que poida repercutir contra o Concello ningunha multa, sanción ou calquera tipo de responsabilidade que polo incumprimento dalgunha delas, puideran imporlle os organismos competentes.

Corresponde exclusivamente á empresa contratista a selección do persoal que, reunindo os requisitos de titulación esixidos nos pregos, formará parte do equipo de traballo



CONCELLO DE ORDES

(A CORUÑA)

adscrito á execución do contrato, sen prexuízo da verificación por parte do Concello do cumprimento de tales requisitos, e isto con independencia do que a mercantil adxudicataria deste contrato de servizos lle poida ser de aplicación en cumprimento do previsto no Convenio colectivo de aplicación respecto da subrogación dos traballadores das empresas contratistas da Administración Pública

A empresa contratante procurará que exista estabilidade no equipo de traballo, e que as variacións na súa composición sexan puntuais e obedezan a razóns xustificadas, en orde a non alterar o bo funcionamento do servizo, informando en todo momento ao Concello.

A empresa contratista asume a obriga de exercer de modo real, efectivo e continuo, sobre o persoal integrante do equipo de traballo encargado da execución do contrato, o poder de dirección inherente a todo empresario. En particular asumirá a negociación e pago dos salarios, a concesión de permisos, licencias e vacacións, as substitucións de traballadores nos casos de baixa ou ausencia, as obrigas legais en materia de Seguridade Social, incluído o abono de cotizacións e o pagamento de prestacións, cando proceda, as obrigas legais en materia de prevención de riscos laborais, o exercicio da potestade disciplinaria, así como cantos dereitos e obrigas se deriven da relación contractual entre empregado e empregador.

Á extinción do contrato de servizos non poderá producirse en caso ningún a consolidación das persoas que realizasen os traballos obxecto do contrato como persoal do Concello de Ordes.

A empresa contratista velará especialmente por que os traballadores adscritos á execución do contrato desenvolvan a súa actividade sen extralimitarse nas funcións desenvolvidas respecto da actividade delimitada nos pregos como obxecto do contrato.

A empresa contratista estará obrigada a executar o contrato nas súas propias dependencias ou instalacións salvo que, excepcionalmente, sexa autorizada a prestar os seus servizos nas dependencias dos entes, organismos e entidades que forman parte do sector público. Neste caso, o persoal da empresa contratista ocupará espazos de traballo diferenciados dos que ocupan os empregados públicos. Corresponde tamén á empresa contratista velar polo cumprimento desta obriga.

Non entanto o sinalado no parágrafo anterior o contrato levarase a cabo directamente nunha instalación (o Punto Limpo) que o Concello poñerá a disposición do contratista. Esta necesidade ven motivada pola propia natureza do servizo a prestar.

En cumprimento do establecido no Real Decreto Lei 20/2012, o Concello, ao termo do servizo non asumirá traballador algún do contrista, en tal sentido establécese como cláusula esencial deste contrato, que deberá acreditar cumpriuse o contratista, que o mesmo deberá desvincularse dos convenios sectoriais ou de empresa que determinen a subrogación dos traballadores coa administración contratante.



CONCELLO DE ORDES

(A CORUÑA)

Igualmente, deberá o contratista, para os efectos establecidos no parágrafo anterior, cumprir as obrigacións que se derivan respecto dos traballadores, de alta en seguridade social e demais obrigacións laborais, establecidas tanto no Estatuto dos Traballadores como na lexislación e normativa complementaria en materia de seguridade social, controlando e vixiando tal cumprimento ademais coas empresas que subcontrate, respecto do persoal que afecten o servizo.

A empresa contratista deberá designar un coordinador técnico ou responsable, integrado no seu propio cadro de persoal, que terá entre as súas obrigas as seguintes:

- a. Actuar como interlocutor da empresa contratista fronte ao Concello, canalizando a comunicación entre a empresa contratista e o persoal integrante do equipo de traballo adscrito ao contrato, dun lado, e o Concello de Ordes, doutro lado, en todo o relativo ás cuestións derivadas da execución do contrato.
 - b. Distribuír o traballo entre o persoal encargado da execución do contrato, e impartir aos ditos traballadores as ordes e instrucións de traballo que sexan necesarias en relación coa prestación do servizo contratado.
 - c. Supervisar o correcto desempeño por parte do persoal integrante do equipo de traballo das funcións que teñen encomendadas, así como controlar a asistencia do dito persoal ao posto de traballo.
 - d. Organizar o réxime de vacacións do persoal adscrito á execución do contrato, debendo a tales efectos coordinarse axeitadamente a empresa contratista coa entidade contratante, aos efectos de non alterar o bo funcionamento do servizo.
 - e. Informar á entidade contratante acerca das variacións, ocasionais ou permanentes, na composición do equipo de traballo adscrito á execución do contrato.
16. A persoa adxudicataria e o persoal encargado da realización das tarefas gardarán secreto profesional sobre todas as informacións, documentos e asuntos aos que teña acceso ou coñecemento durante a vixencia do contrato, estando obrigados a non facer públicos ou allear cantos datos coñezan como consecuencia ou con ocasión da súa execución, incluso despois de rematar o prazo contractual.
17. O adxudicatario proporcionará ao Concello, en calquera momento, os datos e copias de documentos de carácter laboral ou doutro tipo que lle sexan requiridos.
18. Deberá estar ao corrente do pagamento de todas as súas obrigas fiscais e coa Seguridade Social, achegando ao Concello de Ordes, cando así se lle requira, os certificados emitidos polos organismos correspondentes acreditativos do cumprimento das ditas obrigas.
19. Cumprirá estritamente a normativa sectorial aplicable ao servizo, sendo responsable por calquera incumprimento da mesma.
20. As demais que se recollen nos presentes pregos, nos de prescricións técnicas, no regulamento do servizo e na normativa de aplicación.

26. Gastos a cargo do adxudicatario.



CONCELLO DE ORDES

(A CORUÑA)

Serán de conta do adxudicatario os gastos seguintes:

- Os dos anuncios que xere o procedemento, ben sexa en boletíns oficiais, diarios oficiais ou calquera medio de comunicación, até un máximo de 1.200,00 €.
- Os impostos, taxas, tributos estatais, autonómicos e municipais que deriven do contrato, así como os que a empresa deba realizar para o cumprimento do contrato.
- Os gastos que se orixinen pola execución do contrato e os que podan orixinarse ou producirse, directa ou indirectamente, no desenvolvemento e execución do contrato.

27. Abono do prezo.

Os pagos efectuaranse de forma mensual, a mes vencido, previa presentación das correspondentes facturas debendo estar conformadas polo responsable do contrato e unha vez realizada a prestación satisfactoriamente, de conformidade co establecido o art. 216 do RDL 3/2011.

As facturas reunirán os requisitos establecidos no R.D. 1496/2003, do 28 de novembro, polo que se regulan as obrigacións de facturación e modifícase o Regulamento do IVE, e o seu pago realizarase tendo en conta o previsto na Lei 15/2010, do 5 de xullo, de modificación da Lei 3/2004, para a súa adecuación á Directiva Europea.

O adxudicatario terá a obriga de presentar as facturas expedidas polos servizos prestados no Rexistro Xeral do Concello de Ordes, debendo incluír na mesma:

- Órgano de contratación: Xunta de Goberno Local do Concello de Ordes.
- Destinatario: Xunta de Goberno Local.
- Órgano con competencias en materia de contabilidade pública: Intervención municipal.
- Servizo Administrativo con competencias en materia de contabilidade pública: intervención municipal.

Todo isto de conformidade coa D.A. 33ª do TRLCSP.

De conformidade co apartado 4 do artigo 216 do TRLCSP, o Concello deberá abonar o importe das facturas dentro do prazo dos 30 días seguintes á data dos documentos que acrediten a conformidade co disposto no contrato de servizos prestados, sen prexuízo do establecido no artigo 222.4 do TRLCSP, e de demorarse, deberá abonar ao contratista, a partires do cumprimento do dito prazo, os xuros de mora e a indemnización polos custes de cobro nos termos previstos na Lei 3/2004, do 29 de decembro. Para que teña lugar o inicio do cómputo do prazo para a devindicación de xuros, o contratista deberá ter cumprida a obriga de presentar a factura ante o rexistro administrativo correspondente, en tempo e forma, no prazo de trinta días desde a data da efectiva prestación do servizo.



CONCELLO DE ORDES

(A CORUÑA)

Sen prexuízo do establecido nos artigos 222.4 e 235.1 do TRLCSP, o Concello deberá aprobar os documentos que acrediten a conformidade co disposto no contrato dos servizos prestados dentro dos trinta días seguintes á prestación do servizo, salvo acordo expreso en contrario establecido no contrato e nalgún dos documentos que rexan a licitación.

En todo caso, se a persoa contratista incumprira o prazo de trinta días para presentar a factura ante o Rexistro, a devindicación de xuros non se iniciará ate transcorridos trinta días desde a data de presentación da factura no rexistro correspondente, sen que a Administración aprobase a conformidade, de proceder esta, e efectuado o correspondente abono.

Se a mora no pagamento fose superior a catro meses, o contratista poderá proceder, de ser o caso, á suspensión do cumprimento do contrato, debendo comunicar á Administración, cun mes de antelación, tal circunstancia, para os efectos do recoñecemento dos dereitos que poidan derivarse da dita suspensión, nos termos establecidos no TRLCSP.

Se a mora da Administración fose superior a oito meses o contratista terá dereito, así mesmo, a resolver o contrato e ao resarcimento dos prexuízos que como consecuencia disto se lle orixinen.

O contratista poderá ceder a un terceiro, por calquera dos medios legalmente establecidos, o seu dereito a cobrar o prezo do contrato, pero para que a dita cesión xurda efectos, e o Concello expida o mandamento de pago a favor dun terceiro cesionario, cómpre que se lle notifique de forma fidedigna á Administración o acordo de cesión.

28. Cesión do contrato.

Os dereitos e obrigas dimanantes do presente contrato non poderán ser cedidos polo adxudicatario a un terceiro, salvo no caso previsto no artigo 226 do TRLCSP.

O incumprimento por parte da persoa contratista do disposto neste precepto supón un incumprimento das obrigas contractuais asumidas por este, o que, de conformidade co disposto no artigo 223.f) do TRLCSP, faculta ao Concello para resolver o contrato coas consecuencias de indemnización polos danos e prexuízos ocasionados.

29. Subcontratación do contrato.

O contratista poderá subcontratar con terceiros a execución parcial do contrato, sempre e cando o importe total das partes subcontratadas non supere o 60 por 100 do importe de adxudicación do contrato.

Para a celebración de subcontratos que poida realizar con terceiras persoas estará sometido ao cumprimento dos requisitos establecidos nos artigos 227 e 228 do TRLCSP, sen que en caso ningún poida o contratista subcontratar con persoas inhabilitadas para contratar de acordo co ordenamento xurídico ou comprendidas nalgún dos supostos do artigo 60 do TRLCSP.



CONCELLO DE ORDES

(A CORUÑA)

30. Prerrogativas da Administración.

O Concello de Ordes ostenta a prerrogativa de interpretar o contrato, resolver as dúbidas que ofrezca o seu cumprimento, modificalo por razóns de interese público, acordar a súa resolución e determinar os efectos desta, segundo o previsto no TRLCSP. Ostentará, así mesmo, cantas outras prerrogativas recoñeza ás Administracións a lexislación vixente.

Os acordos que dite a Administración no exercicio das súas prerrogativas serán inmediatamente executivos.

31. Modificacións do contrato.

Non se establece modificación do contrato.

Non obstante, reflíctese en canto ao non previsto, o establecido legalmente no artigo 107 do TRLCSP que se adecuaría a este contrato. En todo caso darase audiencia ao contratista.

As modificacións do contrato formalizaranse de conformidade co establecido no artigo 156 do TRLCSP.

Os acordos que dite o órgano de contratación no exercicio das súas prerrogativas porán fin á vía administrativa e serán inmediatamente executivas.

32. Suspensión do contrato.

O Concello de Ordes, por razóns de interese público, poderá acordar a suspensión da execución do contrato.

Se a Administración acordara a suspensión do contrato ou aquela tivese lugar pola aplicación do disposto no artigo 216.5 do TRLCSP, levantarase un acta na que se consignarán as circunstancias que a motivaron e a situación de feito na execución daquel.

Acordada a suspensión, a Administración abonará ao contratista, no seu caso, os danos e prexuízos efectivamente sufridos por este, os cales se cifrarán con arranxo ao disposto nos apartados 2 e 3 do artigo 309 da TRLCSP.

No caso de folga legal a persoa adxudicataria deberá manter puntualmente informado ao Concello sobre a incidencia da mesma na prestación do servizo. Neste suposto o Concello poderá practicar as deducións que procedan no importe a facturar polo adxudicatario no período efectuado, en función do grado de incumprimento e a repercusión na normal prestación daquel.

33. Penalidades por cumprimento defectuoso ou incumprimento.



CONCELLO DE ORDES

(A CORUÑA)

De conformidade co procedemento previsto no artigo 212 do TRLCSP, a execución defectuosa da prestación ou o incumprimento dos compromisos ou das condicións especiais de execución do contrato que se establecesen poderán dar lugar, previo expediente instruído para os efectos con audiencia da persoa interesada, á imposición dunha penalidade.

Para estes efectos os ditos incumprimentos clasificaranse en moi graves, graves e leves.

a) Terán a consideración de incumprimentos moi graves:

- As actuacións do adxudicatario que, por acción ou omisión, xeren riscos dese carácter ás persoas, aos seus bens ou ao medio ambiente.
- A perda de vixencia do seguro de responsabilidade civil específico.
- O incumprimento da obriga de gardar sigilo respecto dos datos e antecedentes que, non sendo públicos ou notorios, estean relacionados co obxecto do contrato e chegasen ao seu coñecemento con ocasión do mesmo.
- A admisión de calquera residuo non autorizado.
- A non suxeición das instalacións ou do seu financiamento ás condicións establecidas no presente prego e no de prescricións técnicas.
- O incumprimento dos prazos de almacenamento dos residuos tóxicos e perigosos.
- A cesión, subarrendo ou traspaso total ou parcial dos servizos sen autorización expresa do Concello.
- A negativa ou resistencia a permitir a inspección municipal ou a non remisión ao Concello da información.
- O falseamento da documentación relacionada co funcionamento da contrata.
- O incumprimento da normativa en materia laboral, de seguridade social ou de prevención de riscos laborais e hixiene no traballo.
- A falta de hixiene e coidado nas instalacións que poidan xerar un risco.
- O retraso sistemático na prestación dos traballos.
- A reiteración de dúas ou máis infraccións graves.

b) Terán a consideración de incumprimentos graves.

- O incumprimento das directrices emanadas do Concello, sempre que non teñan como consecuencia unha falta moi grave.
- O incumprimento do compromiso de adscrición dos medios materiais e persoais aos que se obrigou na súa oferta.
- O retraso non sistemático na prestación dos traballos.
- A utilización incorrecta dos medios materiais e infraestrutura, así como a falta de hixiene, sempre e cando non sexan merecedoras de consideración como moi grave.



CONCELLO DE ORDES

(A CORUÑA)

- O incumprimento do horario.
 - As demais sinaladas na cláusula 25.2 deste prego e non teñan a consideración de moi graves.
 - A reiteración na comisión de faltas leves.
- c) Terán a consideración de incumprimentos leves:
- A descortesía do persoal cos/as usuarios/as, a falta de respecto leve ao público, responsable do servizo ou axentes da autoridade.
 - Que o estado dos materiais sexa cualificado como insuficiente polos responsables do control da execución do contrato.
 - O retraso na entrega da información que estea obrigado a subministrar ou sexa legal ou regulamentariamente esixible. As demais non previstas anteriormente e que, dalgún xeito, signifiquen detrimento das condicións do servizo, sen transcendencia importante para a correcta xestión.

As penalidades que se poderán impoñer ao contratista serán as seguintes:

- a) Pola comisión de incumprimentos moi graves: 3.000 euros.
- b) Pola comisión de incumprimentos graves: 1.500 euros
- c) Pola comisión de incumprimentos leves: 500 euros.

Con todo, en caso de incumprimentos moi graves o Concello poderá optar entre a imposición de penalidades, segundo o previsto nesta cláusula, ou o inicio do correspondente expediente para a resolución do contrato.

O Concello de Ordes, a través da persoa que designe, poderá realizarse en calquera momento a inspección das instalacións, o control de calidade, e prestación do servizo. Das anomalías observadas de dará conta ao adxudicatario.

No caso de incumprimento polo adxudicatario dalgunha das condicións acordadas ou se a calidade ou características dos servizos non se axustasen ao estipulado, de levantará a correspondente acta de sanción.

As penalidades que se impoñan serán independentes entre si e, por conseguinte, acumulativas, e entenderanse sen prexuízo de que o adxudicatario deba reparar as deficiencias ou defectos observados, así como dos danos e prexuízos ocasionados.

34. Extinción do contrato.

O contrato extinguese por cumprimento ou por resolución.



CONCELLO DE ORDES

(A CORUÑA)

En todo caso, á extinción do contrato non poderá producirse en ningún caso a consolidación das persoas que realizasen os traballos obxecto do contrato como persoal do órgano de contratación.

Así mesmo, os bens e instalacións entregados polo Concello ao contratista para a prestación do servizo deberán estar en perfectas condicións de hixiene, conservación e funcionamento.

34.1. Extinción por cumprimento do contrato.

O contrato extínguese polo cumprimento por parte da persoa contratista da totalidade da prestación, de acordo cos termos establecidos no mesmo.

34.2. Extinción por resolución do contrato.

Son causas de resolución do contrato, as previstas nos artigos 85, 223 e 308 do TRLCSP, cos dereitos que se establecen nos mesmos, así como as seguintes:

- A facturación de servizos non prestados.
- O incumprimento reiterado deste prego e do de prescricións técnicas.
- A perda sobrevida dos requisitos para contratar coa Administración.
- O incumprimento do disposto no apartado relativo á subcontratación.
- A obstrución ás facultades de dirección e inspección da Administración.
- O abandono do servizo obxecto do contrato pola persoa contratista.
- A imposición dunha sanción accesoria que leve a mesma.

O acaecemento de calquera destas causas, nos termos establecidos, levará a resolución do contrato, debendo indemnizar a persoa contratista á Administración os danos e prexuízos ocasionados, cos demais efectos que procedan conforme á normativa aplicable. O importe da garantía responderá de todo iso, en canto alcance, e sen prexuízo da subsistencia da responsabilidade da persoa contratista no que se refire ao importe que exceda do da garantía incautada, no seu caso.

No caso de que fose necesario que a prestación se executase en forma distinta á pactada inicialmente, deberá procederse á resolución do contrato en vigor e á celebración doutro, de acordo co previsto no Libro III do TRLCSP.

No caso de que se inicie expediente de resolución do contrato por imposibilidade de executar a prestación nos termos inicialmente pactados, ou pola posibilidade certa de produción dunha lesión grave ao interese público, de continuarse executando a prestación neses termos, poderá iniciarse o procedemento para a adxudicación do novo contrato, aínda que a adxudicación deste quedará condicionada á terminación do expediente de resolución. Ata que se formalice o novo contrato, a persoa contratista quedará obrigado, na forma e co alcance que determine o órgano



CONCELLO DE ORDES

(A CORUÑA)

de contratación, a adoptar as medidas necesarias por razóns de seguridade, ou indispensables para evitar un grave trastorno ao servizo público, de conformidade co establecido no apartado 6 do artigo 225 do TRLCSP.

A resolución do contrato acordarase polo órgano de contratación de oficio ou a instancia da persoa contratista, de ser o caso, mediante procedemento tramitado na forma regulamentariamente establecida polo artigo 109 do RXLC.

35. Prazo de garantía.

O obxecto do contrato quedará suxeito a un prazo de garantía de seis meses a contar desde a data de recepción ou conformidade do traballo, prazo durante o cal a Administración poderá comprobar que o traballo realizado axústase ao contratado e ao estipulado no presente prego e no de prescricións técnicas. Transcorrido o prazo de garantía sen que se formularon reparos aos traballos executados quedará extinguida a responsabilidade do contratista.

Durante o período de garantía, o contratista estará obrigado a emendar, á súa conta, todas as deficiencias que se poidan observar no executado, con independencia das consecuencias que se puidesen derivar das responsabilidades que houbera podido incorrer, de acordo ao establecido no presente prego e no artigo 305 do TRLCSP.

non obstante, non procederá a devolución da garantía definitiva até que non se conclúa a vixencia do contrato e o responsable deste non informe favorablemente acerca da correcta execución do mesmo.

36. Confidencialidade.

Sen prexuízo das disposicións do TRLCSP relativas á publicidade da adxudicación e á información que debe darse aos candidatos e ás persoas licitadoras, estes poderán designar como confidencial parte da información facilitada por eles ao formularen as ofertas, en especial con respecto aos segredos técnicos ou comerciais e aos aspectos confidenciais das mesmas. Os órganos de contratación non poderán divulgar a dita información sen o seu consentimento.

Do mesmo xeito, o contratista deberá respectar o carácter confidencial daquela información á que teña acceso con ocasión da execución do contrato á cal se lle dese o referido carácter nos pregos ou no contrato, ou que pola súa propia natureza deba ser tratada como tal.

37. Protección de datos e segredo profesional.

Todos os datos manexados pola empresa adxudicataria a causa da prestación dos traballos serán propiedade do Concello de Ordes, sen que a empresa adxudicataria poida utilizalos cun fin distinto ao que figura no contrato de servizos. A adxudicataria quedará obrigada ao cumprimento do disposto na Lei Orgánica 15/1999, do 13 de decembro, de protección de datos



CONCELLO DE ORDES

(A CORUÑA)

de carácter persoal e, en especial, aos seus artigos 10 e 12, así como a súa normativa de desenvolvemento. Expresamente:

- Deberá gardar a debida confidencialidade e segredo sobre os feitos, informacións, coñecementos, documentos e outros elementos aos que teña acceso con motivo da prestación, sen que poida conservar copia ou utilizalos para calquera finalidade, incorrendo en caso contrario nas responsabilidades previstas na lexislación vixente.
- Informará aos seus empregados de que só poden tratar a información do Concello para cumprir este contrato e tamén da obriga de non facer públicos, ceder ou allear cantos datos coñezan.
- Incluirá unha cláusula de confidencialidade e segredo nos termos descritos nos contratos laborais que subscriban os traballadores destinados á prestación do presente contrato.
- Así mesmo, deberán adoptarse as medidas de índole técnica e organizativas necesarias que garantan a seguridade dos datos de carácter persoal e eviten a súa alteración, perda, tratamento ou acceso non autorizado.

Caso de incumprimento das obrigas anteriormente mencionadas responderá das infraccións nas que incorrese persoalmente, e será causa de resolución do contrato.

38. Xurisdición competente.

As cuestións litixiosas xurdidas sobre a interpretación, modificación, resolución e efectos dos contratos administrativos, será resoltas polo órgano de contratación competente, cuxos acordos poñerán fin á vía administrativa, e contra os mesmos poderá interpoñerse potestativamente recurso de reposición no prazo dun mes ante o mesmo órgano ou recurso contencioso administrativo no prazo de dous meses, contados desde o día seguinte ao da súa notificación ou publicación.

O contratista renuncia á xurisdición dos Tribunais do seu propio foro e domicilio e sométese á competencia e xurisdición dos Tribunais que corresponden ao Concello de Ordes en todo aquilo que faga referencia ao cumprimento do contrato, o cal terá natureza administrativa, sen que en caso ningún se constitúa relación de carácter laboral entre o persoal do contratista e o Concello de Ordes.

As empresas estranxeiras deberán achegar un documento no que declaren someterse á xurisdición dos Xulgados e Tribunais españois de calquera orde para todas as incidencias que, dun modo directo ou indirecto, puidesen xurdir do contrato con renuncia, de ser o caso, ao foro xurisdiccional estranxeiro que puidese corresponderlles.

ANEXO II

DECLARACIÓN DE CONFIDENCIALIDADE



CONCELLO DE ORDES

(A CORUÑA)

D^a./D. ..., con D.N.I. núm. ..., en nome e representación de ... con CIF...

DECLARA

Que os documentos e datos presentados no seguinte sobre (1) considéranse de carácter confidencial e son os que a continuación se relacionan:

(Lugar, data e sinatura)

(1) Indicar número de sobre, tendo en conta que deberá presentarse, no seu caso, unha declaración por cada sobre.



CONCELLO DE ORDES

(A CORUÑA)

ANEXO III

SOBRE 1 – DOCUMENTACIÓN XERAL. OUTRA DOCUMENTACIÓN.

D^a./D.

con residencia en

provincia de

rúa

nº

segundo Documento Nacional de Identidade nº

en nome propio ou da empresa que representa (1),

CERTIFICA : (*indicar a, b ó c*)

Que a empresa que representa:

- a) Ten un número de 50 ou máis persoas traballadoras no seu persoal, sendo o número global de persoas traballadoras de persoal de, o número particular persoas traballadoras con discapacidade de e a porcentaxe de persoas traballadoras fixas con discapacidade de (2); por tanto (sinalar o que proceda):
 - Conta con, polo menos, un dous por cento de persoas traballadoras con discapacidade.
 - Optou polo cumprimento das medidas alternativas legalmente previstas, a cuxo efecto presenta unha copia da declaración de excepcionalidade e unha declaración coas concretas medidas aplicadas.
- b) Ten menos de 50 persoas traballadoras no seu persoal, sendo o número global de persoas traballadoras de persoal de o número particular de persoas traballadoras con discapacidade de e a porcentaxe de persoas traballadoras fixas con discapacidade de(3)
- c) Non conta con persoas traballadoras en persoal.

(Lugar, data e sinatura)

(1) Indicar denominación social e CIF.

(2) Nas empresas con 50 ou máis persoas traballadoras no seu persoal a indicación do número de persoas traballadoras fixas con discapacidade é optativa pero valorarase a efectos do establecido para os supostos de empate na cláusula relativa á clasificación das ofertas.



CONCELLO DE ORDES

(A CORUÑA)

(3) Nas empresas con menos de 50 persoas traballadoras no seu persoal, a indicación do número global de persoas traballadoras de persoal é obrigatoria e a indicación do número particular de persoas traballadoras con discapacidade e da porcentaxe de persoas traballadoras fixas con discapacidade que teñen na mesma é optativa pero valorarase a efectos do establecido para os supostos de empate na cláusula relativa á clasificación das ofertas.